



O sonho  
na mitologia  
clássica

## O SOÑO NA MITOLOXÍA CLÁSICA

M.<sup>a</sup> Ofelia Carnero Vázquez

(Departamento de Arqueoloxía/Historia)



Medalla con reverso no que se representa unha figura alada, que puidese ser a representación de Hypnos, deus do soño. (MD-178). Medalla de Franz Neumann (1744-1816), director do Vienna Coin Cabinet. (Gabinete Imperial e Real de Moedas e Antigüidades de Viena).

A figura que aparece representada no anverso desta medalla de orixe austríaco, puidese ser o deus grego Hipnos, personificación do soño; o equivalente romano sería Somnus. A súa nai era Nix, a noite, e era irmán xemelgo de Tánatos, personificación da morte sen violencia. Segundo os clásicos (Homero e Hesíodo) ambos os irmáns discutían cada noite por ver quen se levaría a cada home. Hipnos uniuse a Pasítea, unha das Cárites, coa que tivo mil fillos, os Oniros, que eran as mil personificacións dos soños, pero os tres máis importantes son Morfeo, Iquelo e Fantaso. Segundo conta un mito, Morfeo ocupábase do contido animado dos soños dos seres humanos, mentres que os outros dous Oniros eran responsables dos animais e os obxectos inanimados nos soños.

Artisticamente, Hipnos é representado como un home novo espido e con ás nos ombreiros ou nas tempas; entre os seus atributos atópanse un corno de opio indutor do soño, un tallo de papoula, unha rama da que gotea o orballo do río Lete, río do Hades, que ao beber as súas augas provocaba un esquecemento completo e un facho invertido. Morfeo será o seu principal axudante e evita que os ruidos o esperten.

Ambos os irmáns disputaban cada noite os homes, Hipnos por entregalos a un soño pracenteiro e Tánatos por levarlos ao soño eterno, a morte, recibindo a sepultura que se merecían.



O soño e a morte están moi unidos dentro da mitoloxía como na arte e a literatura. Con respecto ao descanso eterno, ao longo dos tempos, os tipos e formas de enterramentos han ir cambiando, os contedores dos corpos, os féretros, tamén; así entre os fondos do MPLugo, no Claustro, poden apreciarse diferentes formas e tipos segundo a etapa cronolóxica correspondente.

Podemos destacar o sepulcro dúplice antropomorfo de Sta. María de Zolle, Guntin, adscrito a un período prerrománico de influencia visigótica, cunha cronoloxía aproximada entre os s. IX e X.

Hai tamén outro sepulcro antropomorfo individual, moito máis rudo e de orixe incerta.



Do s. XVI, e procedentes da igrexa de s. Miguel de Esporiz, en Monterroso, son as tapas de tres sepulturas da familia Salgado Gondín, en cada unha das tápalas represéntase un personaxe distinto, así se expón a estatua xacente de D. Antonio Salgado Gondín, cóengo, que apoia a súa cabeza nun almofadón e entre a súas mans o cáliz coa Sagrada Forma; as outras dúas tapas correspóndenlles

a D. Payo e a D. Juan Salgado Gondín, ambos os guerreiros descansan as súas cabezas sobre almofadóns e apoian os seus pés sobre o lombo dun can. A súa actitude de face ao espectador ou visitante que as contempla é a de estar durmindo un soño pracenteiro nun leito petrificado que simularía o seu descanso en vida.

Para rematar coas tapas sepulcrais figuradas, mencionaremos a de Frei Andrés Pardo, abade de San Vicente do Piñeiro, Monforte de Lemos, entre os anos 1509 e 1512, protagonista da lenda de "A coroa de lume" e que forma parte dos fondos do museo desde 1932. A figura, ricamente vestida, aparece deitada sobre unha saba pregada e a cabeza descansando sobre dous almofadóns, mentres na cabeceira dous anxos de amplas ás vixían ou protexen o seu soño eterno.

